

Convocatoria pública para cubrir a vacante de xuíz/a de paz substituto de Rianxo

ANUNCIO

Expediente: 2025/X999/000548

En cumprimento do acordo adoptado por Resolución de alcaldía número 467/2025, de data 23/04/2025, faise pública a convocatoria para cubrir a vacante de xuíz/a de paz substituto deste municipio, que se rexerá polas seguintes bases:

a) Requisitos dos candidatos. Ser español, maior de idade e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade establecidas no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

b) Presentación de candidaturas. As persoas interesadas en optar ao cargo presentarán as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, no prazo de quince días hábiles a partir da publicación do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

c) Documentos que se achegarán á solicitude:

- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do DNI.
- Certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de non estar inculcado ou procesado, conforme á Lei 68/1980.
- Certificado médico de non padecer doenza que incapacite para o exercicio do cargo de Xuíz de Paz.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incapacidade para exercer o cargo.
- Xustificación dos méritos que se alegue, no seu caso.

Rianxo, 24 de abril de 2025

Asinado electronicamente, o alcalde, Julián Bustelo Abuín